

## PROCESO DE REORDENACIÓN E REASIGNACIÓN FORZOSA DE EFECTIVOS

### FASE I XULGADOS MIXTOS – MOI IMPORTANTE

A Dirección Xeral publicou a convocatoria para o Proceso de Reordenación e Reasignación Forzosa de Efectivos da Fase I que corresponde aos Xulgados Mixtos dos Pobos e abre o prazo para o presentación das solicitudes.

**TODOS OS COMPAÑEIROS QUE NON FORON CONFIRMADOS NOS SEUS POSTOS DEBEN SEGUIR AS INDICACIÓNS E PRESENTAR OBRIGATORIAMENTE A SOLICITUDE.**

### PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: ATA O 9 DE XUÑO

- **O prazo sera de 5 días hábiles (do 3 ó 9 de xuño, ambos incluídos)**
- **As solicitudes serán telemáticas e deberán presentarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ( <https://sede.xunta.gal> ), mediante o Modelo “Solicitud xenérica” co código PR04A xuntando o modelo do Anexo II onde deberá indicar as súas preferencias para a Fase de Reordenación de Efectivos e para a Fase de Reasignación Forzosa.**
- **IMPORTANTE:** As dúas Fases (Reordenación e Reasignación Forzosa) **convócanse simultaneamente**, polo tanto no **Modelo de Presentación da Solicitud Anexo II** débense indicar igualmente **as súas preferencias nas dúas Fases**.

### PERSOAS SOLICITANTES:

- **Soamente poderán presentar solicitudes as persoas funcionarias que non foran confirmadas previamente e que teñan destino definitivo ou reserva de posto nas unidades afectadas pola implantación da Fase I da localidade para a que se convocan os postos recollidos no Anexo I.**
- **Non poderán** presentar solicitudes as persoas en **adscripción provisional** e as persoas en **situación de excedencia sen reserva de posto.**

### FASES DO PROCESO: REORDENACIÓN DE EFECTIVOS E REASIGNACIÓN FORZOSA

#### A. Fase de reordenación de efectivos

O persoal funcionario deberá indicar obrigatoriamente, seguindo o **Modelo do Anexo II**, unha das seguintes opcións:

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Belén 622216341

**FERROL:** Manu 678514555

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

**LUGO:** Rodrigo 605739886

**OURENSE:** Fran 660450226 – Alberto 657124727

**PONTEVEDRA:** Nilo 615496257

**VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail [spjusogalicia@gmail.com](mailto:spjusogalicia@gmail.com)

Bloque <http://spjusogalicia.com>

- **Que non solicita ningún posto** na fase de reordenación. Neste caso adxudicaráselle un posto na fase de reasignación forzosa.
- **Que solicita postos na fase de reordenación**, indicando a orde de preferencia dos postos solicitados. **Pode solicitar un ou varios postos dos que aparecen no Anexo I dentro da súa localidade.** No caso de que seguindo os criterios de adxudicación non lle corresponda ningún dos postos solicitados, adxudicaráselle un posto na fase de reasignación forzosa.
- Os postos se adxudicaran tendo en conta a **maior antigüidade no centro de destino, e en caso de empate a antigüidade no corpo.** No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.

## B. Fase de reasignación forzosa

- **Ás persoas que non resulten adxudicatarias dun posto na fase anterior adxudicaráselles un posto por reasignación forzosa, non cuberto despois de resolver a fase de reordenación.**
- **O persoal funcionario afectado por unha reasignación forzosa estará exento da obriga de permanencia mínima no posto de traballo** sinalada no artigo 46.1 do Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, **gozando de preferencia para obter un posto** de traballo no seu centro de destino de orixe no primeiro concurso de postos xenéricos en que se oferten prazas no dito centro.
- Os postos se adxudicarán tendo en conta a menor antigüidade no centro de destino e en caso de empate a antigüidade no corpo. No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.



**SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega**

**FEITOS, non palabras!!!**